

Tarefas de Historia 3º da ESO para facer na semana do 1 ao 5 de xuño.

Ola estimados alumnoas:

Pois xa estamos no mes de xuño, isto, o curso, xa se vai achegando ao final. Bnnnn! Foguetes e luces de cores! Mais aínda quédanos por rematar algunha cousiña. Así que, de momento, non nos imos emocionar demasiado, ok?

Pois ben, os **alumnos históricos** esta semana terán que estudar esas novas potencias que van xurdir en Europa e que, pouco a pouco, vanlle ir arrebatando a España a súa hexemonía; polo menos en terras europeas. Eses países van ser a Francia absolutista, a República Holandesa e a Inglaterra Parlamentaria.

Entón, imos facelo así:

- Faremos todas as actividades das páxinas 320 e 321 (Interpreta o esquema, Saber facer e Claves para estudar), sobre *Francia, primeira potencia europea*.
- A continuación faremos o mesmo coas actividades das páxinas 322 e 323, sobre *O éxito comercial das Provincias Unidas (Holandesas)*.
- Finalmente, concluiremos coas actividades das páxinas 324 e 325, sobre *O triunfo do parlamentarismo en Inglaterra*. Neste caso, non é preciso que fagades as actividades sobre o mapa histórico da Expansión colonial en América (do norte). Simplemente, observade (coa axuda da lenda do mapa) cales foron as catro potencias que estableceron colonias en Norteamérica, e onde se situaban estas. Por que Nova York se chamaba ao principio Nova Ámsterdam?

Con respecto aos **alumnos xeográficos**, esta vez irémonos ao tema 7 *O reto do desenvolvemento*. unha vez analizado o fenómeno da globalización social e económica no Mundo, pasaremos a estudar os efectos negativos da mesma: o triunfo do liberalismo económico, lamentablemente, non vai implicar un mundo máis xusto e igualitario. E así como imos ver rexións no mundo moi desenvolvidas, tamén imos seguir atopándonos con países e continentes con índices de pobreza elevadísimos. Iso debe levarnos a emprender accións e políticas para intentar, cando menos, reducir esas diferencias a veces tan extremas.

Entón, imos facelos así:

- Comezaremos copiando o cadro violeta das páxinas introductorias do tema que leva por título: *A educación é na práctica un dereito universal?*
- A continuación completaremos o esquema da páxina 206: *O reto do desenvolvemento*, e a táboa dabaixo: *Os países segundo o seu índice de desenvolvemento*. Para iso debemos empregar a información que nos aportan as páxinas 192, 193, 194, 195, 202 e 203.
- Finalmente, remataremos cun pequeno achegamento a realidade da pobreza en España. Para iso, faremos as actividades Claves para estudar da páxina 205.

E xa está por esta semana, amigoas. Unha forte aperta, saude e moito ánimo, campeóns!!!